

A flora nemoral é un anticipo á primavera que nos avisa do cambio de estación e que enche o solo das nosas fragas de vistosas cores e agradables arrecendos.

Nemoral é un adxectivo que fai referencia aos bosques caducifolios. Á flora nemoral pertencen todas aquelas plantas que medran no sotobosque e polo tanto adaptadas aos ciclos de perda de folla das árbores dominantes. Corresponde, logo, a climas temperados con períodos de xeadas curtos. O bosque de ribeira, pola súa situación nas marxes dos ríos, posúe as características axeitadas para ser un dos ecosistemas que máis plantas nemorais acolle. Estas plantas son con frecuencia anuais e son as primeiras en aparecer sobre o manto de follas que deixaron as árbores despois do outono. Teñen así adaptada a súa fenoloxía á estacionalidade do ecosistema, florecendo antes da primavera e aproveitando a insolación que penetra entre as pólas das árbores. Algúns insectos teñen adaptados os seus ciclos vitais para facer coincidir a eclosión dos seus ovos co florecemento destas plantas, polo que se aproveitan, sen apenas competidores, dos recursos que ofrece a flora nemoral, que á súa vez se beneficia dos insectos ao ser polinizada. Porén, as herbáceas non son as únicas plantas que adiantan a súa floración; ameneiros, salgueiros e abeleiras botan as súas flores antes que as follas, polo que optimizan a polinización, a través do vento, cando existen menos obstáculos.

No folleto que tes nas mans presentamos dez especies destes exemplares e animámosvos a descubrir outras moitas que aparecen nos nosos ríos anunciando que a primavera está a chegar.

flora nemoral dos ríos galegos

 proxectorios

www.proxectorios.org

Travesa de Basquiños 9, baixo. 15.704
Santiago de Compostela Galiza
info@proxectorios.org

Iniciativa

Promove



 augasdegalicia

INSTITUTO
DE ESTUDIOS DO
TERRITORIO **iet**



XUNTA
DE GALICIA

guía de identificación



Abelaeira

Corylus avellana

Pequeno arbusto caducifolio de ata 8 metros de alto no que son características as numerosas varas rectas que medran dende as raíces e a base dos tallos. Flores masculinas agrupadas en amentos amarelentos cilíndricos colgantes. Florece de decembro a febreiro e frutifica de agosto a setembro.

Especie cultivada polos seus froitos e para aproveitamento das varas que se usan en cestería. Algunhas partes da planta, como a cortiza, teñen usos medicinais.



Salgueiro

Salix spp.

As follas son alongadas, redondas ou ovais, con frecuencia de bordes serrados. Son plantas con flores masculinas e femininas en diferentes individuos. Os amentos saen na primavera e a miúdo antes das follas.

As especies do xénero *Salix* prefiren substratos húmidos polo que se atopan con frecuencia a beira de ríos e re formando parte do bosque de ribeira. Emprégase como ornamental, para o peche de fincas e as súas pólas para cestería.



Narciso, amarelles

Narcissus cyclamineus

Herbácea con bulbo de 15 mm do que nacen 2-3 follas lineares acanaladas. Unha única flor solitaria de cor amarela en forma de tubo péndulo e con 6 tépalos curvados cara atrás. A corola ten a mesma lonxitude que os tépalos e o seu borde é festonado. A polinización é a través de insectos. Florece de febreiro a abril.

Habita nas beira de cursos de auga e solos húmidos. Especie endémica de Galiza e do norte de Portugal, catalogada como vulnerable.



Cáncaro, primavera

Primula acaulis

As follas forman unha mouta basal e son peludas polo envés. Flores solitarias sobre pedicelos de 6-20cm., cálice cilíndrico. Corola amarela cos pétalos parcialmente soldados en tubo. Florece entre febreiro e xuño.

Habita bosques de ribeira e prados frescos de todo o país. É unha planta comestible, empregándose as súas follas novas crúas ou cocinadas para facer sopas; as súas flores en ensalada.



Herba das almorras, ranúnculo.

Ranunculus ficaria

Planta perenne, provista de raíces de dous tipos diferentes, unhas fibrosas e outras tuberosas. Follas ovadas. Flores con 3 sépalos que logo caen (o máis habitual no xénero son 5). Os pétalos son de cor amarela brillante. Florece de marzo a maio.

As follas novas en primavera empréganse para facer cocidos e ensaladas. Porén, durante a fructificación as follas se volven venenosas.



Anémone

Anemone nemorosa

Follas basais que aparecen despois da floración con longos peciolos. As flores solitarias constan de 6-9 pétalos brancos ou rosáceos e moitos estames de anteras amarelas. Florece de febreiro a abril. Habita bosques húmidos do interior de Galiza. Pódese confundir con *Anemone trifolia* subsp. *albida*, que é máis frecuente en prados ou bosques próximos á beira dos ríos; a subespecie ten as anteras de cor branca e constitúe un endemismo galego-portugués.



Xacinto bravo

Hyacinthoides non-scripta

Planta con bulbo renovado anualmente. Follas lineares. Flores tubulares con 6 tépalos, azuis, en acio unilateral, arrecendentes e pendurantes e recurvadas na parte externa. Estigma trilobado e anteras de cor crema. Florece de marzo a maio.

Medra nas orlas e claros de fragas umbrías, ao pé de sebes, en solos básicos ou neutros, dende o nivel do mar ata os 1000 m.



Violeta

Viola spp.

A familia *Violaceae* posúe 20 xéneros con máis de 1.000 especies. Son plantas herbáceas a miúdo colgantes e estoloníferas. Follas alternas basais, simples, cordadas ou lineares, con estípulas. Corola con 5 pétalos desiguais, libres, de cor branca ou azulados, co pétalo inferior prolongado nun esporón.

O grupo presenta unha ecoloxía moi variada, pero sempre relacionada con zonas húmidas e sombrías. Adoitan florecer entre febreiro e abril. Coñecidas polo seu cultivo ornamental.



Lúzula

Luzula sylvatica subsp. *henriquesii*

Planta cespitosa, moi estolonífera. Follas basais moi pelosas. Inflorescencia máis longa que a folla floral, de tipo cima, en grupos de 2 a 5 e coas ramas primarias máis longas que as secundarias. As anteras das flores son moito máis longas que os filamentos que as soportan. Florece de abril a xuño.

Especie nemoral, que atoparemos en lugares sombrizos e húmidos, como ameneirais e salgueirais de todo o país. Medra en zonas preferentemente acidófilas.



Narciso

Narcissus asturiensis

Bulbo de 15-20 mm do que xurden as follas e o tallo florífero ou escapo. Sobre del aparece unha flor única, de cor amarela forte, hermafrodita. Corola estreitada no centro pero algo ancheada na boca, coas marxes lobadas ou festonadas.

Florece de febreiro a abril en zonas de montaña, aínda que pode baixar en altitude. Especie considerada vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, pola alteración do hábitat e a recolección de flores.